

# Polideportivo



## ACTIVIDADES DEPORTIVAS SAN FROILÁN 2019

**28 SETEMBRO**  
15:00 H  
**XIX GRAN PREMIO CICLISTA SAN FROILÁN**  
Avda. de Ramón Ferreiro

**29 SETEMBRO**  
09:00 H  
**XX MARCHA BTT SAN FROILÁN**  
Saída e chegada no Polideportivo Municipal Palomar

17:30 H  
**XLV TORNEO DE JUDO SAN FROILÁN**  
Pavillón Municipal dos Deportes

10:00 H  
**TROFEO SAN FROILÁN DE TIRO CON ARCO EN SALA**  
Polideportivo Municipal Daniel Cordido (Piringalla)

09:00 H  
**XI OPEN SAN FROILÁN DE SQUASH**  
Pazo dos Deportes de Lugo

11:00 H  
**V CARREIRA POPULAR DE MONTAÑA CLUB FLUVIAL DE LUGO**  
Club Fluvial de Lugo

**05 E 12 OUTUBRO**  
10:00 H  
**XI TORNEO SAN FROILÁN BEISBOL E SOFTBOL**  
Campo Municipal Germán López Vila (O Ceao)

09:30 H  
**CAMPEONATO GALEGO XOVENES PROMESAS**  
Galería de tiro da Casa do deporte

**05 OUTUBRO**  
09:30 H  
**XXIII TORNEO DE GOLF SAN FROILÁN**  
Club Golf Lugo

21:00 H  
**C.D. LUGO-TENERIFE**  
Estadio Anxo Carro de Lugo

**05, 06 E 07 OUTUBRO**  
10:00 H  
**XXIV TORNEO SAN FROILÁN DE HOCKEI LIÑA**  
Polideportivo Daniel Cordido (Piringalla)

**05 OUTUBRO**  
16:00 H  
**C.D. LUGO-AS PALMAS**  
Estadio Anxo Carro de Lugo

**11 E 12 OUTUBRO**  
16:00 H  
**XX OPEN SAN FROILÁN DE BILLAR POOL**  
Pool Bar Tiempos Modernos

**12 OUTUBRO**  
09:00 H  
**XV CONCURSO PESCA CIPRINIDOS SAN FROILÁN**  
Club Fluvial de Lugo

**19 OUTUBRO**  
10:00 H  
**TORNEO SAN FROILÁN DE BALONMAN**  
Polideportivo Terra

17:00 H  
**XV OPEN SAN FROILÁN DE DARDOS ELECTRONICOS**  
Pool Bar Tiempos Modernos

17:30 H  
**ARENAL EMEVÉ-CDV TEXTIL SANTANDERINA**  
Pavillón Municipal dos Deportes

### ATLETISMO

## II Carreira Mondoñedo Monumental

Todas as probas das que consta a carreira terán como punto de saída e chegada a Praza da Catedral. A partir das 9:30 horas será a entrega de dorsais e as competicións darán comezo ás 11:00 horas

### TORNEOS

## A Marosa Cup e o EF Polvorín citan ó Fútbol 8

50 equipos e 700 xogadores participarán na V Edición da Marosa Cup, que tamén terá un torneo de fútbol Genuine e outro de veteranos. En Montirón, o EF Polvorín cita a 25 equipos alevíns e benxamíns

## Partidos destacados

**HOXE** FÚTBOL SALA  
21:00h 1ª DIVISIÓN Burela FS - Levante

**MAÑÁ** FÚTBOL  
17:00h TERCEIRA DIVISIÓN, RC Villalbés - Arosa

**MAÑÁ** FÚTBOL  
18:00h PREFERENTE, Sarriana - Viveiro

**MAÑÁ** FÚTBOL  
21:00h SEGUNDA DIVISIÓN, CD Lugo - Tenerife

### ATLETISMO

## V Carreira Popular de Montaña

A sección de atletismo do Club Fluvial de Lugo organiza mañá a Quinta Carreira Popular de Montaña. Unha competición reservada para maiores de 17 anos cun percorrido de 16.500 metros

## SAN FROILÁN



### CICLISMO

**Hoxe, Lugo**  
**GRAN PREMIO SAN FROILÁN**

O Club Ciclista Cidade de Lugo organiza a XIX Edición da xa tradicional cita co ciclismo nas festas de San Froilán que tomará a saída as 15:00 horas dende a Avenida de Ramón Ferreiro con trece categorías en liza.

As categorías participantes son Sub23 feminina, Promesa feminina, Promesa, Princiante feminina, Princiante, Junior feminina, Junior, Infantil feminina, Infantil, Élite feminina, Cadete feminina, Cadete, Alevín feminina e Alevín.

**Mañá, Lugo**  
**MARCHA BTT SAN FROILÁN**

A XX edición desta competición celebrarase mañá con saída e chegada no Polideportivo Municipal do Palomar. A saída da proba realizarase dende as instalacións do Polideportivo Municipal do Palomar ás 9:00 horas, debendo presentarse os participantes entre as 8:15 e as 8:45 para retirar os dorsais con tempo suficiente.

A marcha está aberta a todo ciclista maior de 15 anos en posesión da licenza federativa en vigor. quen non tivese licenza deberá obter obrigatoriamente un permiso temporal concedido pola Federación, ao realizar a inscrición.



### JUDO

**Hoxe, Lugo**  
**XLV TORNEO DE JUDO SAN FROILÁN**

O Club Senra organiza coa colaboración do Concello de Lugo unha nova edición do Torneo de Judo San Froilán que se celebrará esta tarde a partir das 17:30 horas no Pavillón Municipal dos Deportes de Lugo.



### SQUASH

**Hoxe, Lugo**  
**XI OPEN SAN FROILÁN DE SQUASH**

O Club Squash Muralla de Lugo organiza esta competición que darán comezo hoxe as 9:00 horas no Pazo Provincial dos Deportes de Lugo

O torneo xogarase coa bola oficial da Federación Galega de Squash, Dunlop Dobre punto. Os partidos xogaranse ó millor de cinco xogos de 11 puntos e xogaranse tódolos postos. O uso das gafas protectoras homologadas de Squash será obrigatorio (para os xogadores sub)

O torneo é valedeiro para o Ránking Galego e o terá un Ranking Propio para o Circuito.



### TIRO CON ARCO

**Mañá, Lugo**  
**TROFEO SAN FROILÁN**

O Pavillón Municipal Daniel Cordido, na Piringalla, acolle o Trofeo San Froilán de Tiro con Arco en Sala que comezará mañá a partir das 10:00 horas.



### TIRO

**Mañá, Lugo**  
**CAMPIONATO GALEGO XOVENES PROMESAS**

O Trofeo San Froilán de Tiro trae a Lugo o Campionato Galego de xovenes promesas. Unha cita que se disputará na galería de tiro da Casa do Deporte. A competición comezará mañá a partir das 9:30 horas.



### ATLETISMO



**Mañá. Mondoñedo**  
**CARRERA MONDOÑEDO MONUMENTAL**

Mañá a partir das 11:00 horas dará comezo a segunda edición da Carreira Mondoñedo Monumental que tan boa acollida tivo na súa primeira convocatoria.

Todas as probas das que consta a carreira terán como punto de saída e chegada a Praza da Catedral, no epicentro de Mondoñedo. A partir das 9:30 horas será a entrega de dorsais e as primeiras competición en poñerse en marcha será a de andaina a partir das 11:00 horas.

Na Carreira Mondoñedo Monumental participarán atletas federados e non federados, pero será obrigatorio levar chip na zapatilla e un dorsal no peito. Non se poderá acompañar aos participantes nin correndo nin en bicicleta agás na proba de prebenxamíns.

As categorías para menores serán as seguintes:

Menores:

Pitufos masculinos e femininos 2012 e posteriores

Sub-10 2010/2011 masculina e feminina

Sub-12 2008/2009 masculina e feminina

Sub-14 2006/2007 masculina e feminina

Sub-16 2004/2005 masculina e feminina

Adultos:

Sub-20 Masculino e Feminino nados dende 2000 ata 2003

Senior/ Sub-23 Masculino e feminino dende 1999 ata 34 anos

Veteran@S A Masculino e feminino 35 A 44 anos

Veteran@S B Masculino e feminino 45 A 54 anos

Veteran@S C Masculino e feminino 55 A 65 anos

Veteran@S D masculino e feminino 66 anos en adiante



**Mañá. Lugo**  
**V CARRERA POPULAR DE MONTAÑA**

A sección de atletismo do Club Fluvial de Lugo organiza a Quinta Carreira Popular de Montaña. Unha proba reservada para maiores de 17 anos cun percorrido de 16.500 metros.

A saída está prevista para as 11:00 horas e será no paseo do fluvial con chegada no mesmo punto. Os tramos da competición transcorrerán por estrada e camiños, todos eles sinalizados e cortados ao tráfico.

Na metade do percorrido haberá un punto de avituallamento e control nunha competición con dificultade técnica e física media.

O percorrido da proba discorre por paraxes naturais de gran beleza, polo que se recomenda non ensuciado nin deterioralo arroxando desperdicios fóra das áreas de control.

A organización poderá retirar da carreira baixo o seu criterio aos participantes que teñan problemas físicos evidentes, tales como vómitos, desorientación, desmaios, etc. Que poidan poñer en perigo a súa saúde, ou a aqueles que teñan mermaidas as súas condicións físicas para continuar en carreira. Por outra banda, os participantes están obrigados a prestar auxilio aos accidentados ou a aqueles que o requiran.



### FÚTBOL SALA



**Hoxe, Burela**  
**Primeira División Fútbol Sala**

Un dos encontros máis agardados da tempada polo fútbol sala lucense dispútase mañá en Vista Alegre a partir das 21:00 horas. O Pescados Rubén Burela recibe ao Levante dirixido polo lucense Diego Ríos. Os mariñaos buscarán estreir a conta de puntos este curso, mentres que os valencians chegan cunha vitoria nas dúas primeiras xornadas da máxima categoría do fútbol sala nacional.

**Hoxe, Xove**  
**SEGUNDA DIVISIÓN B MASCULINA**

Esta tarde noite a partir das 21:00 horas o Xove recibe ao Porne Lugo no derbi da xornada na Primeira División B masculina. A Os mariñaos chegan á cita cunha vitoria nos dous encontros disputados, e os capitalinos esperan sumar os primeiros puntos tras dúas derrotas noutros tantos encontros. O Ribeira, pola, súa banda viaxa a Valladolid.

#### COMPETICIÓN S

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1ª Div. F.	Burela FS	Majadahonda	Vista Alegre	Hoxe, 16:15h
1ª Div. M.	Burela	Levante	Vista Alegre	Hoxe 21:00h
2ª Div. B. M.	Xove	Prone Lugo	Xove	Hoxe 18:15h
2ª Div. B. M.	Valladolid	Ribeira FS	Valladolid	Hoxe 16:30h
3ª Nacional	Lugo Sala	Bueu	Municipal	Mañá 12:00h
3ª Nacional	O Parrulo B	P. Barreiros	A Malata	Mañá 18:30h
3ª Nacional	Carballiño	Outeiro de Rei	Carballiño	Hoxe 18:30h
3ª Nacional	Vigo 2015	Villalba FS	Vigo	Mañá 16:30h
Preferente M.	Os Meigallos	Castroverde	Sarria	Hoxe 18:00h
Preferente M.	Rábade	A Golada	Rábade	Hoxe 18:30h
Preferente M.	Ordes	Quiroga	Ordes	Hoxe 17:00h
Preferente M.	Pontedeume	Casás	A Casqueira	Hoxe 18:00h
Preferente M.	Apostoli B	Guitiriz	Noia	Mañá 19:00h
Preferente F.	San Amaro	Begonte FS	Club del Mar	Hoxe 20:00h
Aut. Xuv. M.	Os Meigallos	A Estrada	Sarria	Hoxe 20:00h
Aut. Xuv. M.	Villalba FS	Ancora	Villalba	Mañá 12:00h
Aut. Xuv. M.	Redondela	Ribeira	Redondela	Hoxe 16:30h
Aut. Xuv. M.	Carballiño	Begonte FS	Carballiño	Mañá 18:00h
1ª Galicia	Luisitania	Mazaricos	Sarria	Hoxe 16:00h
1ª Galicia	Ouroil	Somos FS	Ouroil	Mañá 17:00h
1ª Galicia	Trabada	Riotorto	Trabada	Mañá 12:00h
1ª Galicia	A Pontenova	Lodairo	A Pontenova	Mañá 13:00h
Copa Xuvénil	Burela FS	Guitiriz	Vista Alegre	Hoxe 12:00h
Copa Xuvénil	O Parrulo	Lugo Sala	Esteiro	Hoxe 12:00h
Aut. Cad. M.	Narón	Guitiriz	A Gándara	Hoxe 19:30h
Aut. Cad. M.	Burela FS	Casás	Vista Alegre	Mañá 17:30h
Aut. Cad. M.	Ribeira FS	Lugo Sala	Palomar	Hoxe 17:00h
Aut. Cad. M.	Meigallos	Blue 5 Coruña	Sarria	Mañá 17:30h
Aut. Inf. M.	Stellae	Guitiriz	Municipal	Mañá 17:00h
Aut. Inf. M.	Burela	Lumieira	Castelo	Hoxe 16:30h
Aut. Inf. M.	Ribeira	Lugo Sala	Municipal	Mañá 10:15h
Aut. Inf. M.	Os Meigallos	Blue 5 Coruña	Sarria	Mañá 16:00h
Aut. Alevín	Burela FS	Casás	Vista Alegre	Mañá 12:00h

**Burela**  
**DERBIS CATEGORÍAS INFERIORES**

Na Copa xuvenil cítanse en Vista Alegre esta mañá a partir das 12:00 horas Burela e Guitiriz, mentres que para mañá, tamén en Burela, disputaránse tres derbis provinciais.

Os mariñaos e Casás veranse as caras nas categorías cadete e alevín. Os máis pequenos xogan en Vista Alegre a partir das 12:00 horas e os cadetes a partir das 17:30.

Tamén co Burela coma anfitrión viaxará A Piringalla Lumieira nun encontro da Liga Galega infantil que se disputará no Pavillón Municipal de Castelo a partir das 16:30 horas desta tarde.

## BALONCESTO



### COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
LEB Ouro	Tau Castelló	Breogán	Castellón	Hoxe 20:30h
Liga Día	Ensino	Sedis	Zaragoza	Hoxe 16:00h
1º Júnior M.	Xiria	Ensino	A Estrada	Hoxe 18:00h
1º Junior F.	Ensino	Celta	Pazo	Mañá 12:00h

## BILLAR



### COMPETICIÓN BILLAR

CATEGORÍA	LOCAL	VISITANTE	DATA
Liga G.A.	Pub Omega	Tiempos Modernos	Hoxe
Liga G.A.	Open Pool Como Sempre	Tania & Bandidos G.C	Hoxe
Liga G.A.	Open Pool Chamale X	Open pool Dovalitos	Hoxe
Liga G.A.	Revestimientos Raposo	Bar Luna	Hoxe
Liga G.B.	Bar Charlie	Open Pool Pigeons.es	Hoxe
Liga G.B.	Open Pool Bad Bugs	TM DOEL	Hoxe
Liga G.B.	Pulperia Monica	Open Pool D'Vuelta	Hoxe
Liga G.B.	Tiempos Os Afilados	Open Pool	Hoxe
Liga G.C.	TM Mouchos	TM NANADECO	Hoxe
Liga G.C.	Open Pool Cantimploras	Open Pool Flama	Hoxe
Liga G.C.	Open Pool Pingos	Bolita Nocturna	Hoxe
Liga G.C.	Restaurante O Brasileiro	Tiempos Os Novos	Hoxe

## DARDOS

### COMPETICIÓN DARDOS

CATEGORÍA	LOCAL	VISITANTE	DATA
Parellas G A	Javi e Trusgo	Carlos e Samuel	Hoxe
Parellas G A	Danis e Brais	Clavadores	Hoxe
Parellas G A	Tevo e Ferry	Julian e Raul	Hoxe
Parellas G A	Piplus e Dani	Camilo e Roxo	Hoxe
Parellas G A	Chacaritas	Jacobo e Joni	Hoxe
Parellas GB	Manu e J. Polo	Bar Mario	Hoxe
Parellas GB	Alex e Jose	Juan e Nelson	Hoxe
Parellas GB	Ruben e David& Rios	Manu e Dani	Hoxe
Parellas GB	Ramon e Eloy	Ortegal	Hoxe
Parellas GB	Richi e Karlos&Adry	Paradela e Capy	Hoxe
Parellas GC	Alonso e Toiran	Anxo e Leire	Hoxe
Parellas GC	Xesus e Rodri	Mary e Gonza	Hoxe
Parellas GC	Luis e Ibai	Bar Cristal	Hoxe
Parellas GC	Lore e Sam &Samp	Suso e Lopez	Hoxe
Parellas GC	Fredi e Drago& Vice	Pablo e Alba e Alvar	Hoxe

## FÚTBOL

### Mañá, Anxo Carro, Lugo Segunda División

O CD Lugo buscará ante o Tenerife os tres puntos que fagan aínda mellor o empate conseguida a pasada xornada ante o Real Zaragoza na Romareda.

### COMPETICIÓN FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
2ª División	CD Lugo	Tenerife	Anxo Carro	Mañá 21:00h
3ª División	RC Villalbés	Arosa	A Magdalena	Mañá 17:00h
3ª División	Polvorín	Alondras	A Cheda	Mañá 19:15h
1ª Fem. B Norte	PM Friol	Real Oviedo	A Reigosa	Mañá 12:00h
1ª Fem. Galega	Victoria B	Antas	Mun. Sergas	Mañá 18:00h
1ª Fem. Galega	PM Friol B	Mos	A Reigosa	Mañá 18:00h
2ª Fem. Galega	CD Lugo	Portazgo	Frigs	Mañá 16:30h
2ª Fem. Galega	Comercial	11 Caballeros	As Gándaras	Mañá 17:00h
2ª Fem. Galega	Cambre	Chantada	Dani Mallo	Mañá 12:00h
Preferente	Boiro	Ribadeo	Barraña	Mañá 16:00h
Preferente	Lemos	Sigueiro	A Pinguela	Mañá 12:00h
Preferente	Sarriana	Viveiro	A Ribela	Mañá 18:00h
Preferente	Foz	Dubra	M. Otero	Mañá 17:30h
Preferente	Residencia	Sofán	A Cheda	Mañá 16:45h
1ª Autonómica	Monterroso A	Escalón	Cerceiriños	Mañá 18:00h
1ª Autonómica	Chantada Atl	Pol	Sangoñedo	Mañá 16:00h
1ª Autonómica	Castro	San Roque	Arturo Pereiro	Mañá 17:00h
1ª Autonómica	Friol A	Guntín	A Reigosa	Mañá 17:00h
1ª Autonómica	Taboada	Pastorcense	A Medela	Mañá 17:00h
1ª Autonómica	Riotorto	Folgueiro	A Veiga	Mañá 18:00h
1ª Autonómica	Lourenzá	Outeiro Rei	Santa Cruz	Mañá 18:00h
1ª Autonómica	Santaballés	Chantada	A Liga	Mañá 17:00h
1ª Autonómica	Xove Lago	Burela	Xove	Mañá 17:00h
2ª Auto. Norte	Goiriz	Xermade	O Ventioño	Hoxe 17:00h
2ª Auto. Norte	Cospoite	Roupar	A Fonte	Hoxe 17:00h
2ª Auto. Norte	Meira	Alfoz	A Lomba	Mañá 17:00h
2ª Auto. Norte	SP Pontenova	Guitiriz	A Mina	Mañá 18:00h
2ª Auto. Norte	San Ciprián	Cabreiros	A Veiga	Hoxe 18:00h
2ª Auto. Norte	Abadín	C. Barreiros	Abadín	Mañá 17:00h
2ª Auto. Norte	Mondoñedo	Muimenta	Viñas da Veiga	Mañá 17:00h
2ª Auto. Norte	Iberia	Candelaria	As Valgas	Hoxe 18:00h
2ª Auto. Sur	Páramo	Palas	As Rapadas	Hoxe 17:00h
2ª Auto. Sur	Becerreá	Bóveda	Becerreá	Mañá 17:00h
2ª Auto. Sur	Río Sil	Brollón	Centeas	Mañá 12:00h
2ª Auto. Sur	Chantada B	Ferreira	Sangoñedo	Hoxe 18:00h
2ª Auto. Sur	Santa Comba	Paradela	Tras do Novo	Mañá 17:00h
2ª Auto. Sur	San Lázaro	Oural	A Ponte	Hoxe 17:00h
2ª Auto. Sur	Corgo	Portomarin	Corgo	Hoxe 17:00h
2ª Auto. Sur	Incio	Quiroga	Carboeiro	Hoxe 17:00h
3ª Auto. Norte	Fonsagrada	Rioaveso	G. Besteiro	Mañá 17:00h
3ª Auto. Norte	SD Viveiro	Nuevo Nausti	Marcos Gómez	Hoxe 19:00h
3ª Auto. Norte	Friol B	Cazás	A Reigosa	Mañá 19:00h
3ª Auto. Norte	Lugo Unión	Celeiro	Gándaras	Mañá 17:00h
3ª Auto. Norte	Matela	Catro Roldas	Lorenzo Aguiar	Mañá 17:00h
3ª Auto. Sur	Taboada	Lemos B	A Medela	Hoxe 17:00h
3ª Auto. Sur	Rubián	Antas	O Poste	Mañá 17:00h
3ª Auto. Sur	Carballido	Sober	Catro Ventos	Mañá 18:00h
3ª Auto. Sur	Monterroso B	Taboada B	Cerdeiriños	Hoxe 17:00h
3ª Auto. Sur	Castroverde	SP Lucense	Veiga do Olmo	Mañá 17:00h

### FÚTBOL VETERANOS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
DH Local	R. Frain	Bar Isa	A Cheda	Mañá 12:00h
DH Local	Peñarol	Ferrovial	Gándaras	Mañá 10:00h
DH Local	Outeiro de Rei	Comercial	Outeiro de Rei	Mañá 17:30h
DH Local	Residencia	Gándaras	A Cheda	Mañá 10:15h
DH Local	San Roque	Bretaña	Gándaras	Mañá 10:00h
DH Local	PV Montajes	Hotel Prados	Gándaras	Hoxe 16:00h
DH Local	Albeiros	Garabolos	Gándaras	Hoxe 16:00h
DH Local	Milagrosa	O Picato	Frigs	Mañá 12:00h
DH Provincial	A Canteira	Taboada	A Canteira	Hoxe 18:15h
DH Provincial	Parga	Castro	Noreña B.	Hoxe 17:30h
DH Provincial	Vet. Sarria	Vet. Gaioso	A Ribela	Hoxe 17:00h
DH Provincial	Becerreá FV	Abadinsene	Becerreá	Hoxe 18:00h
DH Provincial	Pastorcense	Trasno FV	O Acebreiro	Mañá 12:00h
DH Provincial	Monterroso	Sarria FV	Cerdeiriños	Mañá 11:00h
DH Provincial	Guntín	Vet. Friol	Ladrio	Hoxe 17:00h
DH Provincial	Pol	Illán	Manuel Luna	Mañá 11:30h
1ª Provincial	Palas	Begonte FV	Os Chacotes	Hoxe 18:00h
1ª Provincial	Lambruxos S.	Santaballés	A Ribela	Hoxe 19:00h
1ª Provincial	Rábade	Momán	A Fonte	Hoxe 17:00h
1ª Provincial	Cosdesido	Terra Chá	Casanova	Mañá 18:00h
1ª Provincial	Cospoite	Rabadense	A Fonte	Mañá 10:30h
1ª Provincial	Saavedra	SP Pontenova	Saavedra	Hoxe 17:00h
1ª Provincial	Albense	Sancobade	Celso Lamas	Hoxe 18:00h

## FÚTBOL BASE



### COMPETICIÓN FÚTBOL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
DH Xuvenil	CD Lugo	Roces	A Cheda	Hoxe 16:30h
N. Xuvenil	RC Villalbés	Ourense	Roca	Mañá 12:15h
N. Xuvenil	Ourense	CD Lugo B	Oira	Hoxe 18:00h
Galega Xuvenil	Ural	Viveiro	A Grela	Hoxe 12:15 h
Galega Xuvenil	Residencia	RC Villalbés B	A Cheda	Hoxe 12:15h
Honra Honra	R. Ferrol	CD Lugo	A Gándara	Hoxe 12:05h
Galega Cadete	Montañeros	CD Lugo B	Leyma	Hoxe 16:00h
Galega Cadete	Milagrosa	RC Villalbés	Frigs	Mañá 10:00h
Galega Cadete	Ural B	Viveiro	Elviña	Hoxe 12:15h
Galega Cadete	Montañeros	CD Lugo B	Leyma	Hoxe 16:00h
Galega Infantil	San Tirso	CD Lugo	O Monte	Hoxe 12:00h
Galega Infantil	Ural	SD Viveiro	Leyma	Hoxe 12:15h

### FÚTBOL BASE PROVINCIAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Infantil Norte	EF Viveiro	Foz	Marcos Gómez	Hoxe 11:30h
Infantil Norte	Castro	Burela	Arturo Pereiro	Hoxe 11:30h
Infantil Norte	Guitiriz	Río Ouro	Suso Cruz	Mañá 11:00h
Infantil Norte	Ribadeo	RC Villalbés B	Devesa	Hoxe 11:30h
Infantil Norte	Pontenova	Viveiro B	A Miña	Mañá 12:00h
Infantil Norte	Piringalla B	Residencia A	Gándaras	Mañá 12:00h
Infantil Centro	Villalbés A	S. Corazón	Magdalena	Mañá 10:15h
Infantil Centro	Casás	Milagrosa	Gándaras	Hoxe 12:15h
Infantil Centro	CD Lugo B	Fonsagrada	Gándaras	Mañá 12:00h
Infantil Centro	EF Polvorín A	Ferrovial A	O Polvorín	Mañá 10:00h
Infantil Sur	Becerreá	Polvorín B	Becerreá	Mañá 12:15h
Infantil Sur	Ferrovial B	Corgo	Frigs	Hoxe 12:15h
Infantil Sur	Residencia B	Sarriana	A Cheda	Hoxe 10:30h
Cadete Sur	Palas	Piringalla A	Os Chacotes	Hoxe 11:30h
Cadete Norte	SD Viveiro	Lourenzá	Marcos Gómez	Mañá 11:30h
Cadete Norte	Villalbés B	Ribadeo	A Magdalena	Mañá 12:00h
Cadete Centro	Piringalla A	S. Corazón	Gándaras	Mañá 12:00h
Cadete Centro	Polvorín A	Ferrovial	O Polvorín	Mañá 12:00h
Cadete Centro	Castro	Casás	Arturo Pereiro	Mañá 11:00h
Cadete Sur	Monterroso	Piringalla B	Cerceiriños	Hoxe 19:00h
Cadete Sur	Becerreá	Sarriana	Becerreá	Mañá 10:30h
Cadete Sur	Residencia A	Polvorín B	A Cheda	Hoxe 18:15h
2ª Xuvenil Norte	Pontenova	Foz	M. de Foz	Hoxe 17:00h
2ª Xuvenil Norte	Guitiriz	Lourenzá	Suso Cruz	Hoxe 18:00h
2ª Xuvenil Norte	SD Viveiro	Burela SD	Marcos Gómez	Hoxe 16:30h
2ª Xuvenil Sur	Polvorín B	Corgo	Corgo	Mañá 12:00h
2ª Xuvenil Sur	Palas	S. Corazón	Os Chacotes	Hoxe 16:00h
2ª Xuvenil Sur	Becerreá	Taboada	Becerreá	Hoxe 12:00h
2ª Xuvenil Sur	Antas	Casás	Castro Seoane	Hoxe 12:00h

## TORNEOS F8

### Hoxe, Lugo e Burela TORNEO EF POLVORÍN E MAROSA CUP

Onte arrincou o V Torneo Marosa Cup que se alargará ata o mañá. Competirán equipos benxamín, benxamín e alevín con Celta, Deportivo, Lugo e Burela coma cabezas de cartel. Un total de 50 equipos e 700 xogadores farán da Marosa o epicentro do fútbol oito galego. Coma novidades esta edición haberá un Torneo da Liga Genuine e un de veteranos.

### TORNEO EF POLVORÍN CUP

En Lugo tamén haberá unha antesala do inicio das competicións de fútbol 8 co I Torneo do EF Polvorín de fútbol alevín e benxamín. Un total de 24 equipos están citados en Montirón; Piringalla, Residencia, Comercial, CD Lugo, Sagrado Corazón, Milagroza, Sarriana, Becerreá, Casás, Antas e EF Polvorín A e B, tanto alevín coma benxamín. As finais están previstas para as 20:30 horas.

# SPECIAL OLYMPICS

## A ÁREA DE DEPORTES DA DEPUTACIÓN APOSTA POLO DEPORTE INCLUSIVO co apoio á Marcha Ciclista Unificada que discorrerá na segunda etapa entre Sarria e A Pobra de San Xiao

A Deputación de Lugo acolleu no salón de actos do Pazo de San Marcos o pasado xoves a presentación da segunda etapa da Marcha Ciclista Unificada organizada por Special Olympics Galicia, que se celebrará o vindeiro 4 de outubro. A ruta, de 28,8 quilómetros, discorrerá entre Sarria e A Pobra de San Xiao, no concello de Láncara.

Deportistas da Fundación Eu Son (Burela), As Burgas (Ourense), Espurna (Valencia), Esportiu (Barcelona) e Aspronaga (A Coruña) participarán na proba coa colaboración de adestradores das distintas entidades e do Club Ciclista DHG Sarria. En total, o pelotón sumará 55 participantes, que contarán co apoio de 12 membros da organización e persoal de Protección Civil, Cruz Vermella, Policía Local e 061.

A Área de Deportes achega 4.000 euros para o desenvolvemento desta volta ciclista coa que Special Olympics Galicia, unha entidade sen ánimo de lucro que traballa na inclusión das persoas con discapacidade intelectual, promove o deporte unificado, no que os atletas, na súa diversidade, participan xuntos.

O presidente de Special Olympics, Eladio Fernández, destacou que a Deputación de Lugo é "a entidade provincial que máis contribúe á organización da proba", con rutas en todas as provincias. Fernández lembrou que "a idea de incorporar o ciclismo á axenda deportiva de Special Olympics xurdiu en Lugo, e que logo se estendeu a Santiago, Ourense e Pontevedra".

O Deputado de Deportes, Efrén Castro, sinalou que "supón un orgullo pertencer á comarca de Sarria e ver como cando se organizan eventos para persoas con capacidades especiais se implican todos os axentes sociais e tamén estar na Deputación de Lugo e que sexa esta institución a que encabeza a colaboración con estas iniciativas".

### Rutas

Primeira etapa: Baños de Molgas. 3 de outubro (17,2 quilómetros)

Segunda etapa: Sarria-A Pobra de San Xiao. 4 de outubro (28,8 quilómetros)

Terceira etapa: Santiago de Compostela. 5 de outubro (13 quilómetros)

Cuarta etapa: Vilagarcía de Arousa. 6 de outubro (13 quilómetros)

### Programa deportivo

Ademais da Marcha Ciclista Unificada, Special Olympics desenvolve ao longo do ano un amplo programa de actividades deportivas co que pretende poñer o foco sobre as capacidades das persoas que participan nelas e amosar que, cos apoios adecuados, todas e todos somos capaces de participar na sociedade en igualdade de condicións.



O Deputado de Deportes Efrén Castro con Eladio Fernández, Presidente de Special Olympics, na presentación

**“SUPÓN UN ORGULLO PERTENCER Á COMARCA DE SARRIA E VER COMO SE ORGANIZAN EVENTOS PARA PERSOAS CON CAPACIDADES ESPECIAIS E SE IMPLICAN TODOS OS AXENTES SOCIAIS, E TAMÉN ESTAR NA DEPUTACIÓN E QUE SEXA ESTA INSTITUCIÓN A QUE ENCABEZA A COLABORACIÓN CON ESTAS INICIATIVAS”** EFRÉN CASTRO, Deputado de Deportes



O programa inclúe diferentes disciplinas, desde fútbol sala, baloncesto, atletismo, campo a través ou natación e ata petanca. En maio pasado celebraron en Sarria os

Xogos de Campo a través e Petanca. O vindeiro 9 de novembro organizarán os Xogos de Natación no complexo deportivo das Pedreiras, en Lugo.